

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/único criterio de valoración/ trámite ordinario	
Obxecto	Instalación dun aparello elevador no edificio municipal do local social da Asociación de Veciños de Mandiá, Ferrol (2021.2100.0026.0) incluído no Plan Único de Obras e Servizos POS+2021 (Achega Provincial 2021)	
Número expediente	AVSS 03007 24/22	Cívidas nº 202303922
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	16 de setembro de 2024	
Hora de inicio	12:20:00	
Hora remate	13:23:00	
Asistentes sen voto	don Germán Costoya Casas, representante do grupo municipal PSOE.	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa do servizo de Contratación; don José Tomé López, concelleiro delegado da área que propuxo a contratación (Vías e Obras); dona Ana M^a Vázquez Fernández, directora da oficina xurídica; dona Sonia Corral Corral, viceinterventora, en suplencia da interventora municipal e dona Beatriz Bouza Pico; xefa do servizo proponente do contrato (Vías e Obras).

Secretaria

Dona M.^a Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado, do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA
1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 26/08/2024)

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.- Calificación da documentación presentada polo licitador proposto aos efectos da adxudicación do contrato. Adopción dos acordos que procedan.

Lembráronse os acordos adoptados polo órgano de asistencia na súa sesión anterior, nos termos que constan en acta, e deuse conta do requerimento para a presentación de documentación remitido á empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS SL aos efectos da adxudicación do contrato. A empresa atendeu o requerimento do órgano de asistencia, presentando documentación aos efectos requiridos e dentro do prazo concedido. A documentación presentada remitiuse a revisión e informe dos servizos técnicos municipais (*á que se refire á acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais*).

Tralo estudo da documentación presentada; tendo en conta as esixencias contempladas na cláusula 16 do PCAP que rexe a licitación; tendo en conta a documentación solicitada de oficio (*ausencia de débedas tributarias co concello de Ferrol*); os datos inscritos nos rexistros oficiais ROLECE/Rexistro de

Contratistas da Xunta de Galicia (nº5321) referidos pola licitadora proposta; a acreditación de solvencias mediante clasificación alternativa (*GRUPO C; SUBGRUPO 4; CATEGORIA 1*); visto o informe técnico favorable emitido, en data 11/09/2024, polo arquitecto municipal de Urbanismo referido á acreditación documental de dispor efectivamente dos medios persoais que esixe a licitación; considerando que conforme ao disposto no PCAP (*cláusula 16.1.1.- Garantías*) e conforme ao art. 159.6 letra f da LCSP, non se requirirá a constitución de garantía definitiva no presente procedemento; xunto con tódolos extremos esixidos na cláusula 16 do PCAP que rexe a licitación; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- CALIFICAR favorablemente a documentación presentada pola empresa URESPA PROYECTOS Y OBRAS SL e, en consecuencia, elevar proposta de adxudicación da licitación AVSS 03007 24/22 ao seu favor.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 16/09/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*